

Primaria

# Lingua galega 1

Programación

## Unidade 8

1. Presentación da unidade
2. Obxectivos didácticos
3. Contidos da unidade/Criterios de avaliación/Estándares de aprendizaxe avaliáveis
4. Selección de evidencias para o portfolio
5. Competencias: descritores e desempeños
6. Tarefas
7. Estratexias metodolóxicas
8. Recursos
9. Ferramentas de avaliación
10. Medidas para a inclusión e atención á diversidade
11. Autoavaliación do profesorado

## 1. PRESENTACIÓN DA UNIDADE

### Título

O Espantallo amigo

### Descrición da unidade

Nesta unidade iniciamos o tema cun texto moi relevante dentro da literatura galega: *O Espantallo amigo* de Xosé Neira Vilas. Se fose posible conviría lerlles aos nenos algún extracto, senón todo o conto, pois é moi do gusto dos nenos e nenas: o relato de Neira Vilas sempre é unha garantía de éxito.

Co extracto que se propón na páxina inicial, os alumnos poden facer unha lectura individual, logo da que faga o profesor ou de escoitar a audición no CD.

Nesta unidade comezamos o traballo cos grupos consonánticos que sempre teñen algunha dificultade e precisan reforzo continuado durante unha tempada. Ademais, na epígrafe **Estudo a lingua** veremos as contraccións de preposición e artigo definido e indefinido.

A epígrafe **Falo e escribo** segue coa descrición como tipoloxía de redacción e xoga coas adiviñas para interiorizar a descrición dos obxectos. Ao final da unidade centrámos a **Tarefa final** no Entroido tradicional de Galicia coas *pantallas*, os *xenerais* ou os *cigarróns*.

Os obxectivos lingüísticos que se pretende que o alumno e a alumna alcance ao rematar esta unidade son:

1. Escoitar, comprender e ler con fluidez e pronunciando correctamente frases e textos breves coas letras e grupos consonánticos estudados ata o momento, comprendendo o seu sentido.
2. Escribir con corrección frases e textos coas letras e grupos consonánticos estudados ata o momento.
3. Interiorizar, de forma non teórica, as categorías gramaticais.
4. Ampliar o vocabulario.

### Temporalización:

Febreiro:

## 2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Escoitar e comprender un conto de forma oral e poder ler o extracto escrito que se incorpora na páxina inicial da unidade.
2. Ler con fluidez e pronunciando correctamente palabras, frases e textos breves formadas cos grupos consonánticos estudados.
3. Escribir con corrección os grupos consonánticos que se estudan nesta unidade: *br*, *bl*, *pr*, *pl*.
4. Ler e escribir correctamente as contraccións formadas por preposición e artigo definido e indefinido.
5. Ler con eficacia pequenas frases e textos e responder axeitadamente ás preguntas de comprensión lectora.
6. Facer, de forma oral ou escrita, unha somera descrición dun obxecto.
8. Enriquecer o vocabulario referido as aves e ao Entroido.

### 3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Lectura.               <ul style="list-style-type: none"> <li>- Conto tradicional: <i>O Espantallo amigo</i></li> <li>- Comprensión da lectura.</li> </ul> </li> <li>• Os grupos consonánticos: <i>br, bl, pr, pl</i>.</li> <li>• Obradoiro de escritura.</li> <li>• Estudo a lingua.               <ul style="list-style-type: none"> <li>- As contraccións de preposición e artigo.</li> </ul> </li> <li>• Falo e escribo.               <ul style="list-style-type: none"> <li>- Descrición dun obxecto.</li> </ul> </li> <li>• Tarefa.               <ul style="list-style-type: none"> <li>- O Entroido.</li> </ul> </li> </ul>	1. escoitar, ler e comprender un conto.	1.1. escoita e comprende un conto. 1.2. Le o texto da lámina inicial 1.3. Identifica feitos do relato de forma correcta. 1.4. Ordena a secuencia de elaboración do Espantallo 1.5. Dialoga cos compañeiros para buscar novas conclusións para o relato.
	2. Recoñecer auditivamente os grupos consonánticos: <i>br, bl, pr, pl</i> .	2.1. Recoñece os grupos consonánticos e a súa localización na palabra.
	3. Ler con fluidez e pronunciando correctamente palabras e pequenos textos cos grupos consonánticos estudados	3.1. Le con fluidez e pronunciando correctamente palabras e frases formadas polos grupos consonánticos.
	4. Escribir con corrección palabras e frases formadas cos grupos consonánticos estudados	4.1. Escribe con corrección palabras e frases formadas cos grupos consonánticos estudados.
	5. Interioriza, de forma non teórica, as contraccións de preposición e artigo.	5.1. Recoñece e emprega as contraccións de preposición e artigo.
	6. Redactar pequenas descrições de obxectos de acordo cunhas pautas para ordenar e expoñer a información.	6.1. Escribe pequenas descrições de obxectos de acordo cunhas pautas para ordenar e expoñer a información.
	7. Le e aprende e comenta datos sobre o Entroido en Galicia.	7.1. Recoñece datos específicos do Entroido galego: comidas, tipos de entroidos, localización, cantares... galegas.

#### 4. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Os estándares de aprendizaxe mostran o grao de consecución dos criterios de avaliación desde a propia descrición e concreción do criterio. Para facilitar o seguimento do desenvolvemento de cada estándar buscaremos evidencias dos alumnos que mostren a súa evolución en cada un deles.

No anexo de avaliación propónse un portfolio de evidencias para os estándares de aprendizaxe. O cadro seguinte suxire unha selección dalgunhas destas posibles evidencias. Os docentes poderán substituílas por outras que consideren máis relevantes para o desenvolvemento do seu grupo.

Libro do alumno (LA) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiáveis (RF)

Estándares de aprendizaxe avaliábeis	Selección de evidencias para o portfolio
1.1. escoita e comprende un conto.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Audición do conto <i>O Espantallo amigo</i> da páxina inicial.</li> <li>• Actividades do LD sobre o texto que inicia a unidade e animación sobre as imaxes.</li> <li>• Ampliación de contidos co poema de Elsa Gaiero, <i>O espantallo</i>, e sobre a <i>Festa do río Barbeira</i>, no Concello da Lama, onde se realiza un <i>Concurso-exposición de espantallos</i>.</li> </ul>
1.2. Le o texto da lámina inicial	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Lectura do texto que se inclúe na lámina inicial.</li> </ul>
1.3. Identifica feitos do relato de forma correcta.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actividade da epígrafe “Comprendo a lectura” para identificar feitos relevantes do relato.</li> </ul>
1.4. Ordena a secuencia de elaboración do Espantallo	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actividade da epígrafe “Comprendo a lectura” para ordenar a secuencia de elaboración do Espantallo.</li> </ul>
1.5. Dialoga cos compañeiros para buscar novas conclusións para o relato.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actividade de “Intelixencia interpersoal” do LA para dialogar cos e chegar a acordos para un novo final do conto.</li> </ul>
2.1. Recoñece os grupos consonánticos e a súa localización na palabra.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actividades de lectoescritura do LA.</li> <li>• Actividades de lectoescritura, xogos, trabalinguas, lendas e da PD.</li> <li>• Actividades do LD.</li> <li>• Actividades de reforzo (R) e ampliación (A).</li> </ul>
3.1. Le con fluidez e pronunciando correctamente palabras e frases formadas cos grupos consonánticos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actividades de lectoescritura do LA.</li> <li>• Actividades de lectoescritura, xogos (<i>Gústame...</i>), poemas de Eliseo Alonso e Gloria Sánchez (<i>Abril, abrilero</i>), adiviñas da PD.</li> <li>• Actividades do LD.</li> <li>• Actividades de reforzo (R) e ampliación (A).</li> </ul>

4.1. Escribe con corrección palabras e frases formadas cos grupos consonánticos estudados.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actividades de lectoescritura do LA.</li> <li>• Actividades do “Obradoiro de escritura” do LA.</li> <li>• Actividades da PD.</li> <li>• Actividades do LD.</li> <li>• Actividades de reforzo (R) e ampliación (A).</li> </ul>
5.1. Recoñece e emprega as contraccións de preposición e artigo.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actividades de lectoescritura do LA.</li> <li>• Actividades da PD .</li> </ul>
6.1. Escribe pequenas descrições de obxectos de acordo cunhas pautas para ordenar e expoñer a información.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actividades de redacción do LA.</li> <li>• Actividades da PD.</li> <li>• Actividades do LD.</li> </ul>
7.1. Recoñece datos específicos do Entroido galego: comidas, tipos de entroidos, localización, cantares...	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Lectura e/ou audición do texto do LA.</li> <li>• Realización das actividades do LA.</li> <li>• Actividades e cantigas tradicionais de entroido (<i>Domingo de Entroido</i>) e poema de Ana M<sup>a</sup> Fernández (<i>Eu no entroidiño...</i>) da PD.</li> </ul>

## 5. COMPETENCIAS: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Comunicación lingüística.</i>	Comprender o sentido de textos escritos sinxelos.	Le de forma comprensiva textos sinxelos.
	Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás.	Escrebe textos sinxelos como descrições de obxectos de forma ordenada e pautada.
	<i>Plan lector:</i> Gozar coa lectura.	Comprende os textos de lectura da unidade: conto, poemas, cantigas...
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía</i>	Manexar a linguaxe matemática con precisión.	Sabe expresar con claridade e precisión datos e informacións.
	Respectar e preservar a vida dos seres do seu contorno.	Manifesta actitudes de respecto cara aos animais.
<i>Competencia dixital.</i>	Manexar ferramentas dixitais para a construción do coñecemento.	Consulta datos en diversas fontes de información.
<i>Aprender a aprender.</i>	Planificar recursos necesarios e pasos que debe realizar no proceso de aprendizaxe.	Propón interrogantes como estratexia para mellorar o proceso de aprendizaxe.
	<i>Intelixencias múltiples:</i> Intelixencia interpersonal.	Dialoga cos compañeiros sobre aspectos derivados da lectura.
<i>Sentido da iniciativa e espírito emprendedor</i>	Dirimir a necesidade axuda en función da dificultade da tarefa.	Pide axuda ante dificultades que xorden na realización de tarefas.
	Participar nas dinámicas e xogos de grupo.	Aprende xogos tradicionais e practícaos cos compañeiros.
<i>Competencias sociais e cívicas.</i>	Concibir unha escala de valores propia e actúa conforme a ela.	Realiza actuacións enfocadas ao coidado do contorno.
	<i>Educación en valores:</i> A responsabilidade.	Aproveita o tempo de traballo na clase, escoita con atención, esforzase por atender e realizar ben as tarefas. É puntual e organiza ben o tempo.
<i>Conciencia e expresións culturais.</i>	Aprender e recoñecer as características do Entroido galego. Aprender cancións populares e xogos propios do patrimonio popular galego.	Recoñece as características do Entroido galego. Descobre e xoga coas cantigas e lendas tradicionais. Aprende algún retrouso, xogo ou encadeado para aumentar a bagaxe cultural e recoñecer o patrimonio oral da lingua galega.

## 6. TAREFAS

Libro do alumno (LA) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiáveis (RF) / Libro dixital (LD)

### Tarefa 1: Gozamos coa lectura do texto “O Espantallo amigo”

- Lemos o conto «O Espantallo amigo» e observamos as imaxes da lámina inicial; tamén podemos activar a animación do LD.
- Seguimos as suxestións metodolóxicas da PD.
- Realizamos as actividades do LA e do LD.
- Realizamos as actividades, para ampliar os contidos da PD.
- Realizamos as actividades interactivas do LD.

### Tarefa 2: Aprendemos as letras

- Coñecemos os grupos consonánticos *br*, *bl*, *pr*, *pl* coas diferentes actividades de discriminación visual, auditiva, expresión oral e escrita do LA.
- Realizamos as actividades do LD
- Realizamos as actividades da PD, que se amplían con poemas, adiviñas, xogos e trabalinguas.

### Tarefa 3: Aprendemos a lingua: Contraccións de preposición e artigo

- Coñecemos as contraccións de preposición e artigo e observamos o seu uso; realizamos as actividades do LA e seguimos as suxestións da PD.
- Realizamos as actividades do LD
- Realizamos as actividades da PD, que se amplían con poemas, adiviñas, xogos e trabalinguas.

### Tarefa 4: Expresámonos oralmente e por escrito: A descrición dun obxecto

- Realizamos as diferentes actividades do LA para escribir unha breve descrición dun obxecto. Seguimos as indicacións da PD para explicarlles as pautas que deben seguir e a orde da información.
- Realizamos as actividades do LD
- Realizamos as actividades da PD.

### Tarefa 5: O Entroido en Galicia.

- Coñecemos as suxestións metodolóxicas da PD para estes contidos.
- Realizamos as tarefas do LA.
- Ampliamos os contidos cos recursos da PD: especialmente recursos de literatura tradicional recollidos nos apartados de Recursos que permiten un traballo de integración dentro do propio grupo e con outros grupos do colexio.
- Realizamos as actividades do LD.

### Tarefa 6: Repaso da unidade

- Realizamos as actividades de repaso do LA.
- Realizamos as actividades complementarias da PD.
- Completamos coas fichas de reforzo e ampliación dos RF.

## 7. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

No desenvolvemento das tarefas empréganse diversas estratexias metodolóxicas:

- Utilización da lámina inicial da unidade para a presentación de contidos.
- Audición das lecturas correspondentes do CD e emprego do libro dixital para realizar as actividades como elementos motivadores.
- Seguemento da lectura que pode ser dramatizada por varios nenos.
- Utilización de diferentes agrupamentos que favorezan o traballo cooperativo e o intercambio de opinións entre os iguais.
- Traballo individual ou en pequeno grupo para afianzar os conceptos da unidade.
- Traballo en grupo cooperativo: agrupar os alumnos en grupos de 3 ou 4 e empregar as estruturas de aprendizaxe cooperativo suxeridas na guía do profesor para traballar os principios de definición de obxectivo grupal, interdependencia positiva e interacción cara a cara.
- Desenvolvemento de habilidades de expresión oral e escrita mediante a aprendizaxe de xogos, dramatizacións, cancións e poesías da unidade.
- Emprego e fomento do aspecto lúdico e creativo da linguaxe.
- Utilización de diferentes fontes de información para obter información relevante sobre os contidos da unidade.
- Corrección de actividades en gran grupo para detectar os erros máis habituais.

## 8. RECURSOS

- Cadernos complementarios. Este proxecto ofrece cadernos complementarios de **Aprendo a ler, Aprendo a escribir**
- Recursos fotocopiáveis da Proposta Didáctica. Para esta unidade podemos atopar recursos fotocopiáveis de Reforzo, Ampliación e Comprensión lectora nos Recursos fotocopiáveis.

### Recursos dixitais

- Libro dixital. Os alumnos e alumnas poderán reforzar os contidos estudados a través do libro dixital. Nel ofrécese a versión en audio do poema ademais de actividades interactivas.
- CD que acompaña a proposta didáctica, cos recursos fotocopiáveis.
- A continuación recóllense algúns enlaces web de interese:
  - <http://anayadigital.es>
  - <http://www.orellapendella.org> Esta páxina web recolle infinidade de cantares, enleados, ditos e retrousos populares. Moi ben organizada e con constantes actualizacións.
  - <http://www.meloteca.com> Nesta web portuguesa atoparemos moitos recursos poéticos e musicais que podemos adaptar facilmente para os nosos alumnos e alumnas. Ademais permítenos observar como moitos recitados e acumulativos tradicionais teñen o seu parangón na poesía popular portuguesa e brasileira, conformando así un espazo cultural unitario.
  - <http://galiciaencantada.com> Nesta web podemos atopar abundantes recursos sobre elementos máxicos e seres míticos da cultura tradicional galega.



## 9. FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

- Rexistro de avaliación (no anexo de Avaliación).
- Proba de avaliación da unidade (nos Recursos fotocopiáveis).

## 10. MEDIDAS PARA A INCLUSIÓN E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Que dificultades e potencialidades observo no grupo durante o desenvolvemento da unidade?
- Como vou minimizar as dificultades?
- Que necesidades individuais observo no desenvolvemento da unidade?
- Que recursos e estratexias manexarei para atender as necesidades individuais?

## 11. AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO

- Que porcentaxe de alumnos acadaron os obxectivos de aprendizaxe da unidade?
- Que é o que mellor funcionou nesta unidade?
- Que cambiaría no desenvolvemento da unidade o vindeiro curso? Por que?